



XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ACONDICIONAMENTO DA LU-710, PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+000 - 4+500

Termo municipal: BARALLA

Clave: LU/17/103.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 11 de maio de 2023

Lugo, 14 de abril de 2023.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3107

Término municipal de:	BARALLA
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-17-103-10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
89	FERNANDEZ PEREZ MARICEL	RÚA ERVEDELO, 94 - 4º B -32002 OURENSE

R. 1133

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS NOMINATIVASE EXCEPCIONAIS TRAMITADAS POLA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2023

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións realizarase, entre outros, de acordo cos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do establecido no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 82, do 13 de abril de 2021), dáse publicidade ás subvencións directas nominativase excepcionais tramitadas pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, da Deputación Provincial de Lugo, no primeiro trimestre do ano 2023:

ENTIDADE BENEFICIARIA	NIF	TIPO SUBV.	OBXECTO	ÓRGANO CONCEDINTE	DATA RESOLUCIÓN	IMPORTE	APLIC. ORZAM.
Asoc. cultural Festas do San Rosendo	G27513936	Nominativa	Festa de San Rosendo 2023	Presidencia	15/03/2023	4.000,00 €	4190.48900
Asociación cultural deportiva "As Minas"	G27374446	Nominativa	Organización Festival das Minas 2023	Presidencia	6/03/2023	5.000,00 €	3342.48900
Asociación cultural e deportiva Bola Meiga	G27501881	Nominativa	Organización Máster Fútbolín Rábade 2023	Presidencia	6/03/2023	1.500,00 €	3342.48900
Club de Remo Ribadeo	G27136704	Excepcional	Adquisición de embarcación M6 para o Club de Remo de Ribadeo	Presidencia	6/03/2023	13.219,25 €	3342.789

Lugo, 14 de abril de 2023.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 15 de outubro de 2019, A DEPUTADA DELEGADA DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE, Mónica Freire Rancaño.

R. 1135

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. SECCIÓN DE FOMENTO

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA PRESIDENCIA (SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO - SECCIÓN DE FOMENTO) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2023

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dáse publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola Presidencia (Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento) da Deputación Provincial de Lugo, no primeiro trimestre do ano 2023:

ÁREA PES (2023 - 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPO SUBV.	OBXECTO / ACTIVIDADE	APLIC. ORZ	IMPORTE SUBV	Nº ANOS	ÓRGANO DE APROBACIÓN
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	CÍRCULO DE LAS ARTES	G27006238	Nominativa	Gastos de funcionamento	9250.48900	6.000,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	FEDERACIÓN AA.VV. LUGO "LUCUS AUGUSTI"	G27158575	Nominativa	Día do veciño	9250.48900	18.000,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	FEDERACIÓN AA.VV. LUGO "LUCUS AUGUSTI"	G27158575	Nominativa	Gastos xerais de funcionamento da Federación	9250.48900	40.000,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN DE VECINOS COMERCIANTES E INDUSTRIALES DISTRITO MILAGROSA	G27159110	Nominativa	Actividades no barrio da Milagrosa	9250.48900	15.000,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACION DE VECINOS SAN SEBASTIAN DE CARBALLIDO	G27258052	Excepcional	Espectáculo "Duende Ecuestre"	9250.48911	3.218,60 €	1	Presidencia

Lugo, 14 de abril de 2023.- "O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 1136

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

- LUGO.- PAVIMENTACIÓN RÚA SAN ISIDRO LABRADOR

EXPTE GTM: 2023/CON_02/000017

- RIBADEO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5202 “RIBADEO – VILASELÁN – ALTO DOS PINOS (N-634) P.K. 1+020 A 1+975 E 2+665 A 4+020

EXPTE GTM: 2023/CON_02/000032

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 14 de abril de 2023 O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1137

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTAS (NOMINATIVAS) TRAMITADAS POLA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2023.

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións rexerese, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do disposto no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 82, do 13 de abril de 2021), dáse publicidade ás subvencións directas nominativa tramitadas pola Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social e Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento) da Deputación Provincial de Lugo no primeiro trimestre do ano 2023:

Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social)

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Federación Galega de Comercio	G27170158	Nominativa	Oficina técnica de información e asesoramento ao comercio de Lugo	4330.48900	30.000,00 €	Presidencia
Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta	G27386515	Nominativa	Edición mostra exposición de Muimenta	4330.48900	8.000,00 €	Presidencia
Fundación de Ferias y Exposiciones de Lugo	G27161496	Nominativa	EQUIGAL, Salón Internacional do cabalo de Galicia	4311.48903	40.000,00 €	Presidencia
Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (ASOPORCEL)	G27243500	Nominativa	Plan fomento da produtividade, competitividade e rendibilidade nas granxas de porco celta	4330.48900	39.000,00 €	Presidencia
Nova Escola Galega	G36645232	Nominativa	Encontro de debate sobre o medio rural	4330.48900	2.500,00 €	Presidencia

Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Fundación Campus Universitario de Lugo	G27192137	Nominativa	Master Paulo Fabio	3261.48900	12.000,00 €	Presidencia

Lugo, 14 de abril de 2023.- "O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 1138

CONCELLOS**ALFOZ***Anuncio***CORRECCIÓN DE ERROS**

Advertido un erro no Boletín Oficial da Provincia do día 24 de febreiro de 2023, polo que se aproban os padróns de taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga, taxa de vertedura e o padrón da taxa por recollida de lixocorrespondente segundo trimestre de 2022:

Onde di:

"Por uns importes que ascenden á cantidade de trinta e dous euros polo dereito de acometida (32 euros), catro mil douscentos noventa e sete euros con cincuenta e catro céntimos (4.297,54 euros) máis catrocentos vinteoito euros con setenta e sete céntimos de IVE (428,70 euros) pola Taxa de Abastecemento de Auga, dezaseis mil trescentos corenta e sete euros (16.347 euros) pola Taxa de Recollida de lixo, dous mil cincuenta e nove euros con setenta e sete céntimos (2.059,77 euros) polo Canon Fixo da auga, dous mil setecentos vintenoventa euros con cincuenta e un céntimos (2.729,51 euros) polo Canon Variable da Auga, mil cento corenta e sete euros con corenta e catro céntimos (1.147,44 euros) pola Taxa Fixa de Vertedura, mil seiscentos oitenta e catro euros con sesenta e oito céntimos (1684,68 euros) pola Taxa Variable de Vertedura".

Debe dicir:

"Por uns importes que ascenden á cantidade de trinta e dous euros polo dereito de acometida (32 euros), catro mil douscentos vinteseite euros con trinta e tres céntimos (4.227,33 euros) máis catrocentos vinteun euros con sesenta e oito céntimos de IVE (421,68 euros) pola Taxa de Abastecemento de Auga, dezaseis mil trescentos vintenoventa euros (16.329 euros) pola Taxa de Recollida de lixo, dous mil cincuenta e cinco euros con quince céntimos (2.055,15 euros) polo Canon Fixo da auga, dous mil seiscentos once euros con corenta e tres céntimos (2.611,43 euros) polo Canon Variable da Auga, mil cento corenta e dous euros con oitenta e dous céntimos (1.142,82 euros) pola Taxa Fixa de Vertedura, mil cincocentos sesenta e seis euros con sesenta e seis céntimos (1.566,60 euros) pola Taxa Variable de Vertedura".

Alfoz, 12 de abril de 2023.- O Alcalde, JORGE VAL DIAZ.

R. 1139

BÓVEDA*Anuncio***LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A- ADXUNTO Á SECRETARÍA (OEP 2023), FUNCIONARIO/A DE CARREIRA DO CONCELLO DE BÓVEDA.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de vinte (20) días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, ao abeiro do punto 4º das bases que rexen o proceso selectivo (publicadas integramente no BOP de Lugo núm. 054, de 07/03/2023), por Decreto de Alcaldía núm. 2023-0201 de data 18/04/2023 aprobouse a seguinte lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo de 1 Administrativo/a - Adxunto á Secretaría:

ADMITIDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	OBSERVACIÓNS (non excluíntes) *
AIRA PÁEZ, MARTA	**27229**	SI	
ANDIÓN PENA, NANCY	**54822**	SI	VARIOS CURSOS E MÉRITOS NON AUTENTICADOS
ARRESTO LÓPEZ, CARMEN	**26686**	SI	
BEN MAGIDE, PATRICIA	**35151**	SI	
FEIJOO GONZÁLEZ, ADRIÁN	**34384**	SI	
GIRALDO MARTÍNEZ, OLIMAR	**72889**	SI	
GONZÁLEZ IGLESIAS, GLORIA	**27083**	SI	
GONZÁLEZ VECÍN, BEATRIZ	**83245**	SI	
JORGE CAO, MARÍA JESÚS	**26389**	SI	
LÓPEZ VÁZQUEZ, TERESA	**34905**	SI	
MOURE IGLESIAS, FLORA	**95447**	SI	
PORTOMEÑE FERNÁNDEZ, ROCÍO	**54173**	SI	
RELLO LÓPEZ, OSCAR	**26433**	SI	
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, MARÍA JESÚS	**25820**	SI	
SOMOZA GONZÁLEZ, ISABEL	**27138**	SI	
TORRE MAHÍA, LIDIA	**88032**	SI	
VARELA GARCÍA, ANA MARÍA	**53906**	SI	

EXCLUÍDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	MOTIVO DA EXCLUSIÓN	OBSERVACIÓNS (non excluíntes) *
ARIAS DOAMO, PALOMA	**26747**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: - DNI - TITULACIÓN REQUERIDA	CURSOS NON AUTENTICADOS AGÁS: "Ley 39/2015 de procedimiento de administrativo común"
BRAÑA SEIJO, NOEMÍ	**57371**	SOLICITUDE REXISTRADA FORA DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS		
DOVAL PAZOS, BRAIS	**90912**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: - TITULACIÓN REQUERIDA (E FALTA REVERSO) - DNI	NON AUTENTICADOS OS SEGUINTE DOCUMENTOS: - CURSO DE EXCEL NON APORTA: - CERTIFICADO DE SERVIZOS PRESTADOS OU CONTRATO

GARCÍA ABELAIRAS, NOEMÍ BERTA	**32934**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: - DNI -TITULACIÓN REQUERIDA -ANEXO II INCOMPLETO:FALTA MENCIÓN N.º BOP E DATA DO MESMO DE PUBLICACIÓN DAS BASES	
GARCÍA AYUDE, BEGOÑA	**33755**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: - DNI -TITULACIÓN REQUERIDA	CURSOS NON AUTENTICADOS AGÁS: "Gestión logística"
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, JESÚS	**48427**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: - DNI -TITULACIÓN REQUERIDA	NON APORTA: - INFORME DE VIDA LABORAL NON AUTENTICADOS OS SEGUINTE DOCUMENTOS: -TITULACIÓN SUPERIORES
LÓPEZ BERMÚDEZ, ADRIÁN	**55806**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: - DNI -TITULACIÓN REQUERIDA	-CURSOS NON AUTENTICADOS NON APORTA: - INFORME DE VIDA LABORAL
NOVO MARTÍNEZ, CESAR	**69398**	NON ACREDITA CELGA 4	NON APORTA: - ANEXO II - DNI AUTENTICADO -TITULACIÓN REQUERIDA AUTENTICADA	
PEREIRA RODRÍGUEZ, CRISTINA	**48861**	NON ACREDITA CELGA 4	NON AUTENTICADO: - DNI -TITULACIÓN REQUERIDA	NON AUTENTICADOS OS SEGUINTE DOCUMENTOS: -TITULACIÓN SUPERIORES
POLO MARTÍNEZ, DANIEL	**34436**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: -TITULACIÓN REQUERIDA - DNI	NON APORTA OS SEGUINTE DOCUMENTOS: -TITULACIÓN SUPERIORES
RODRÍGUEZ CABAÑAS, MIGUEL	**33652**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: - DNI -TITULACIÓN REQUERIDA	-VARIOS CURSOS NON AUTENTICADOS -NON APORTA O SEGUINTE DOCUMENTO RELACIONADO NO ANEXO: <i>"Curso de Sistemas de Videoconferencia y Telepresencia para el Teletrabajo en las Administraciones Públicas"</i>
SANGIAO BASTIDA, INMACULADA	**69597**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: -TITULACIÓN REQUERIDA (E FALTA REVERSO) - DNI NON APORTA: - ANEXO II MODELO NORMALIZADO (E FALTA MENCIÓN AO N.º BOP E DATA DE PUBLICACIÓN DAS BASES)	NON APORTA OS SEGUINTE DOCUMENTOS: -TITULACIÓN SUPERIORES (E FALTA REVERSO)
SOTO VIVERO, JESÚS MANUEL	**41730**	NON AUTENTICADO	NON AUTENTICADO: - DNI -TITULACIÓN REQUERIDA	VARIOS CURSOS NON AUTENTICADOS
VÁZQUEZ MONTES, TAMARA	**57617**	SOLICITUDE REXISTRADA FORA DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS		

****Neste apartado de Observacións (non excluíntes) recóllense os méritos que poden ser obxecto de subsanación polas persoas interesadas, sen que implique en ningún caso que os mesmos vaian ser obxecto de valoración na fase de concurso polo Tribunal de selección.***

De conformidade co punto 6 das bases do proceso selectivo, concédese o prazo de dez (10) días hábiles dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo, para formular reclamacións á lista provisional ou emendar erros.

Bóveda, 18 de abril do 2023.- O Alcalde, D. José Manuel Arias López.

R. 1181

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 03/04/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a febreiro 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación doservizo de axudano fogar correspondente a febreiro do 2023terá lugar neste municipio dende o día 3 de abrilde 2023ata o día 2 de xuño de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 3 de abril de 2023.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1141

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 27/03/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes amarzo 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes marzo 2023 terá lugar neste Municipio dende o día 27 de marzo de 2023 ata o día 29de maio de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 30 de marzo de 2023.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1142

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 11/04/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a marzo 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a marzo 2023 terá lugar neste municipio dende o día 11 de abril de 2023 ata o día 12 de xuño de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 12 de abril de 2023.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1143

FRIOL

*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE MARZO DE 2023**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 10 de abril de 2023, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de MARZO de 2023, por un importe total de 6.672,24 €uros.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñendo dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderán interpoñerse recursos contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei

Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Inícase así mesmo o procedemento de recadación, séndolles adobedados os correspondentes recibos no respectivo número de conta bancaria

Friol, 14 de abril de 2023.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1144

LOURENZÁ

*Anuncio***Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 1º trimestre de 2023, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no

BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de xullo do 2023, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 14 de Abril do 2023.- Alcaldesa, Rocío López García.

R. 1145

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. MARZO 2023

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 10 de abril de 2023, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Marzo de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil oitocentos trinta e nove euros con oitenta e sete céntimos de euro (3.839,87€) , tres mil oitenta e dous euros con noventa e nove céntimos de euro (3.082,99€) correspondente a dependencia , e setecentos cincuenta e seis euros con oitenta e oito céntimo de euro (756,88€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 10 de abril de 2023.- A Alcaldesa – Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 1146

MONDOÑEDO

Anuncio

EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS

En Xunta de Goberno Local de 13 de abril de 2023 aprobouse o Padrón **da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 2º BIMESTRE DO 2023.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de maio ao 30 de xuño do 2023, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 13 de abril de 2023.- O Alcalde, Manuel A. Otero Legide.

R. 1147

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, de data 14 de abril de 2023, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de marzo de 2023, que se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 14 de abril de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega

R. 1148